



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento del Congreso, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta escrita relativas a la inclusión de las Comunidades de Montes Vecinales en Mano Común en la Ley de Memoria Democrática como víctimas de la dictadura franquista.**

En 1946, la dictadura franquista promulgó el Decreto del 8 de febrero, por el que se aprobaba la nueva redacción oficial de la Ley Hipotecaria, cuyos artículos permitían que, con tan solo la firma de la persona designada para atender la Secretaría de los Ayuntamientos, los montes vecinales en mano común pudieran pasar a ser de propiedad municipal y registrarse en los respectivos inventarios de bienes municipales. De esta forma, se permitió la usurpación y el saqueo de muchos montes vecinales, imponiendo un cambio de titularidad bajo la amenaza de opresión y violencia por parte del régimen.

Unos años antes, en 1941, el régimen dictatorial creó el organismo denominado Patrimonio Forestal Estatal, que procedió a la plantación forzosa de los montes vecinales en un sistema de silvicultura centrada en dos especies, básicamente de pinos y eucaliptos. Una práctica que en Galicia se encontró con la total oposición de la comunidad local, ya que implicaba la destrucción de grandes extensiones de bosque caducifolio autóctono.

Por lo tanto, se llevó a cabo una ocupación ilegal de tierras comunitarias y se impidió a sus legítimos titulares utilizar y explotar las tierras como lo habían estado haciendo. En aquel entonces, estos usos eran principalmente agrícolas y ganaderos.

La comunidad local opuso resistencia a este robo, una lucha que tuvo consecuencias en forma de sanciones, multas, encarcelamientos, represión y muertes. Vale la pena recordar los sucesos ocurridos el 23 de enero de 1963 en el monte vecinal de la parroquia de Eiron, en el municipio de Mazaricos, en los que la Guardia Civil mató a un vecino y causó heridas a otro, además de encarcelar a muchas más personas, cuando los vecinos de la comunidad intentaron impedir que el personal y la maquinaria del Patrimonio Forestal Estatal ocuparan el monte vecinal para plantar eucaliptos.

La dictadura represiva saqueó entonces por la fuerza las tierras de los vecinos y vecinas



llegando incluso a recurrir a la violencia física para lograrlo. Esta usurpación y ocupación de las montañas vecinas tuvo consecuencias socioeconómicas para la región, que se vio privada de sus medios de subsistencia y se vio obligada a emigrar, lo que implicó el abandono de tierras, despoblación y el inicio de un desastroso modelo de gestión territorial y forestal.

Esta situación se prolongó desde la década de 1950 hasta 1980, año en que se aprobó una nueva ley estatal sobre bosques que, por primera vez, reconocía que los montes vecinales eran propiedad de los vecinos, entendidos como grupos sociales y no como entidades administrativas.

La Ley 20/2022, de 19 de junio, de Memoria Democrática, en su artículo 3.5, considera víctimas de la dictadura franquista a los partidos políticos, sindicatos, instituciones de autogobierno catalán y vasco, corporaciones locales, minorías étnicas, asociaciones feministas, instituciones educativas, así como grupos culturales y otras personas jurídicas que hayan sufrido represalias por parte de la dictadura y que serán objeto de las medidas específicas de reconocimiento y reparación contempladas en la ley, en la medida que sean aplicables.

No se incluyeron, de forma expresa, las comunidades de montes vecinales, pero fueron objeto de robo, usurpación y represalias, fueron víctimas de la dictadura franquista y, por lo tanto, deberían haber sido incluidas en el ámbito de aplicación de la Ley de Memoria Democrática para su reparación y rehabilitación.

Por los motivos expuestos, el BNG formula las siguientes preguntas dirigidas al Gobierno:

1. ¿Está al tanto el Gobierno de la represión, de la usurpación y del saqueo de tierras que sufrieron las comunidades de montes vecinales, en mano común, entre 1950 y 1980 a manos de la dictadura franquista?
2. ¿Tiene conocimiento de la resistencia que opusieron las comunidades locales a la usurpación de sus tierras y de las consecuencias de ello en forma de sanciones, multas, encarcelamiento, lesiones e incluso muertes?
3. ¿Está de acuerdo en que las comunidades de montes vecinales en mano común merecen ser reparadas, dignificadas y rehabilitadas tras las décadas de represión, robo y usurpación que sufrieron bajo la dictadura franquista?
4. ¿Qué disposición tiene el Gobierno de incluir como víctimas de la dictadura franquista a las comunidades de los montes vecinales, otorgándoles esta condición



CONGRESO DE
LOS DIPUTADOS




reconocida en el artículo 3.5 de la Ley 20/2022, de 19 de junio, de Memoria Democrática, y desplegando todos los efectos previstos en la ley, como la declaración de nulidad de todos los actos jurídicos y transacciones realizadas en los montes vecinales hasta 1980?

En Madrid, a 19 de marzo de 2026

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso



Sobre o recoñecemento como vítima da Ditadura franquista ás Comunidades de Montes Veciñais

Competencia	Otros Expedientes
Tipo Expediente	300-Escrito en lengua española distinta del castellano, oficial en Comunidad Autónoma (art. 92.1)

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL
Diputado



Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas á inclusión das Comunidades de Montes Veciñais en Man Común na Lei de Memoria Democrática como vítimas da Ditadura franquista.**

En 1946 a Ditadura franquista promulgaba o Decreto de 8 de febreiro polo que se aproba a nova redacción oficial da Lei Hipotecaria, cuxo articulado permitía que, contando só coa sinatura da persoa designada para atención da Secretaría dos Concellos, os montes veciñais en man común podían pasar a ser de titularidade municipal e inscritos nos respectivos inventarios de bens municipais. Desta forma, permitiuse a usurpación e espolio de moitos montes veciñais impondo o cambio da titularidade coa ameaza da opresión e violencia do réxime.

Uns anos antes, en 1941, o réxime ditatorial creaba o organismo denominado Patrimonio Forestal do Estado, que procedeu á organismo que procedeu a plantación pola forza dos montes veciñais en réxime de bicultivo forestal, basicamente piñeiros e eucaliptos. Unha práctica que na Galiza contou coa total oposición da veciñanza, pois implicou acabar con grandes áreas de bosque autóctono caducifolio.

Así pois, realizouse unha ocupación ilegal das terras comunitarias e impediuse aos seus titulares lexítimos o uso e aproveitamento das terras tal e como viñan facendo. Usos que, naquela altura, eran maioritariamente de aproveitamento agrario e gandeiro.

CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

19 MAR. 2026 13:52:34

Entrada **107168**



A veciñanza comuneira opuxo resistencia a este roubo, unha loita que tivo consecuencias en forma de sancións, multas, encarceramentos, represión e mortes. Cabe lembrar os feitos que tiveron lugar o 23 de xaneiro de 1963 no monte veciñal da parroquia de Eiron, no concello de Mazaricos, en que a Garda Civil matou a un veciño e causou feridas a outro, ademais de encarcerar a moitas máis persoas, cando a veciñanza comuneira trataba de impedir que o persoal e a maquinaria do Patrimonio Forestal do Estado ocupasen o monte veciñal para plantalo con eucaliptos.

A ditadura represora espoliou pois, pola forza, as terras dos veciños e veciñas, chegando a exercer violencia física para conseguilo. Esta usurpación e ocupación dos montes veciñais tivo consecuencias socio-económicas para a veciñanza á que lle roubaron o seu medio de vida, véndose obrigada a coller o camiño da emigración, o que implicou o abandono de terras, o despoboamento e o inicio dun modelo de ordenación territorial e forestal nefasto.

Esta situación perdurou desde a década de 1950 até 1980, ano en que se aprobou unha nova lei estatal de montes que, por vez primeira, recoñeceu que os montes veciñais eran de titularidade dos veciños e das veciñas, entendidos como grupos sociais e non como entes administrativos.

A Lei 20/2022, de 19 de xuño, de Memoria Democrática, no artigo 3.5, considera como vítimas da Ditadura franquista aos partidos políticos, sindicatos, institucións do autogoberno catalás e vascas, corporacións locais, minorías étnicas, asociacións feministas, institucións educativas, así como agrupacións culturais e outras persoas xurídicas represaliadas pola Ditadura que serán obxecto das medidas específicas de recoñecemento e reparación contempladas na lei, en canto lle resulten de aplicación.

Non se incluíron, de forma expresa, ás comunidades de montes veciñais, mais foron obxecto de roubo, usurpación e represalia, foron vítimas da ditadura franquista e, por tanto, deberan ser incluídas no ámbito da Lei de Memoria Democrática para a súa reparación e rehabilitación.



Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas dirixidas ao Goberno:

1. Coñece o Goberno a represión, usurpación e espolio de terras que padeceron as comunidades de montes veciñais de en man común entre 1950 e 1980 por parte da Ditadura franquista?
2. Ten coñecemento da resistencia que opuxo a veciñanza comuneira fronte á usurpación das súas terras das consecuencias desta en forma de sancións, multas, encarceramentos, lesións e mesmo mortes?
3. Comparte que as comunidades de montes veciñais en man común merecen ser reparadas, dignificadas e rehabilitadas polas décadas de represión, roubo e usurpación que padeceron por parte da Ditadura franquista?
4. Que disposición ten o Goberno a incluír como vítimas da Ditadura Franquista ás comunidades de montes veciñais en man común, outorgándolles esta condición recoñecida no artigo 3.5 da Lei 20/2022, de 19 de xuño, de Memoria Democrática e desprezar todos os efectos previstos na norma, como declarar nulos de pleno dereito, todos os actos e negocios xurídicos realizados nos montes veciñais até 1980?

Madrid, a 19 de marzo de 2026

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso